

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONCESIÓN DE PREMIOS DOS CONCURSOS DE ACHEGAMENTO AO LIBRO E NA PROCURA DO NO NOSO MARCAPÁXINAS

**EXPEDIENTE DECRETO:** 2023/G003/000427

**EXPEDIENTE:** 2023/A002/000001

### ANTECEDENTES:

Unha vez celebrado o *XXXII Concurso literario de achegamento ao libro e Na procura do noso XIX marcapáxinas*, do presente ano 2023, que organiza a biblioteca pública municipal Francisco Mayán, de acordo coas bases e vista a acta do xurado do día 9 de maio de 2023 dos devanditos concursos.

Visto o informe de outorgamento de premios, redactado polo secretario do xurado dos concursos referidos, Víctor Manuel Castiñeira Castro, con data 9 de maio de 2023.

Visto o informe da Intervención municipal, de data 11 de maio de 2023, que resulta fiscalizado de conformidade con salvedades.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º.- Outorgar os seguintes premios:

XXXII CONCURSO LITERARIO DE ACHEGAMENTO AO LIBRO				
CURSO	OBRA GAÑADORA	NOME GAÑADOR/A	COLEXIO	PREMIO
1º e 2º Primaria	<i>O home que non sabía ler</i>	Breixo Souto Garcia	Manuela Rial Mouzo	Vale para material didáctico e libros: 100 €
3º e 4º Primaria	<i>O segredo de Max</i>	Sira Simón Piñeiro	Manuela Rial Mouzo	Vale para material didáctico e libros: 100 €
5º e 6º Primaria	<i>Xoán, o neno que cambiou o mundo</i>	Iago Marcote Paz	Vila de Cee	Vale para material didáctico e libros: 100 €
XIX CONCURSO NA PROCURA DO NOSO MARCAPÁXINAS				
	OBRA GAÑADORA	NOME GAÑADOR/A	COLEXIO	PREMIO
	<i>As palabras dun libro iluminan o meu camiño</i>	Rosario Abelleira Paz	Vila de Cee	Vale para material didáctico e libros: 100 €

2º.- Ordenar o pagamento dos devanditos premios ás persoas gañadoras (representantes legais, no caso de menores de idade).

3º.- Debe comprobarse pola Tesourería municipal calquera acto ou incidencia para os efectos do pagamento dos premios e as retencións que houbese que practicar.



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

Exp. 2023/G003/000427

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]